

José Manuel Feijoo Buceta, DNI 35463144-L, do corpo de profesores de ensino secundario, especialidade sistemas electrónicos.

David Tizón Couto, DNI 36152791-B, do corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de inglés.

Mikel Pasabant Quintián, DNI 15246679-W, do corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de inglés.

Beatriz Tizón Couto, DNI 36152789-D, do corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de inglés.

Xosé Álvarez García, DNI 36075769-Q, do corpo de profesores de ensino secundario, especialidade de lingua e literatura galega.

Laura Iglesias Padrón, DNI 44450643-S, do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, disciplina inglés.

José Ramón Besteiro Fernández, DNI 33853583-K, corpo de profesores de ensino secundario, disciplina filosofía.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

Resolución do 31 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar da proba de acreditación do coñecemento da lingua galega no concurso-oposición para o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo coa base común 6 da Orde do 15 de febreiro de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de marzo) pola que se convocaba concurso-oposición para o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral acorda o seguinte:

Primeiro.-A proba de acreditación de coñecemento de lingua galega será cualificada polo tribunal nomeado para tal efecto por Resolución do 30 de abril de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 6 de maio), terá lugar na data, hora e lugar que se sinala:

Data: 18 de xuño de 2010.

Hora: 17.00 horas.

-Lugar:

IES As Fontiñas; rúa de Estocolmo 5-Santiago de Compostela.

Recórdase que, de conformidade coa Orde do 15 de febreiro de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de marzo) a proba se valorará de apto ou non apto e quedarán excluídas do concurso-oposición as persoas non aptas. Finalizada a realización da proba, e unha vez avaliada, o tribunal fará pública a valoración do persoal aspirante no taboleiro de anuncios do centro en que se realizase.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2010.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 24 de maio de 2010 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo na Xerencia de Atención Primaria de Vigo.

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo) de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas do posto ofertado serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables serán establecidas de acordo co cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no Rexistro Xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo II, un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que nel aleguen.